

DHABITAT

BASES DO CONCURSO DE IDEAS PARA O DESEÑO DO LOGO E A IMAXE DO PROXECTO DE EDUCACIÓN PARA O DESENVOLVEMENTO " DEREITO OU HÁBITAT".

1ª.- Obxecto do concurso.

*O presente concurso ten como obxecto seleccionar un deseño para o logo do proxecto de Educación para o Desenvolvemento que se utilizará como imaxe do proxecto desenvolvido por Arquitectos Sin Fronteras e a ETSAC. Será a imaxe xeral do proxecto "**Proxecto de difusión do dereito ao hábitat a través da sensibilización e a educación formal na comunidade educativa 2013-2014**" (Ver referencia ao mesmo en ANEXO I) financiado pola Xunta de Galicia.*

2ª.- Participantes.

Poden participar no concurso tanto persoas físicas como xurídicas, individualmente ou en equipo (non sendo restrinxido a estudantes da ETSAC).

3ª.- Tema e características técnicas

A.1. Tema

O tema do proxecto centrarase no nome DHabitat. Que fai referencia ao contido xeral do proxecto que trata se centra en difundir o dereito ao hábitat en diferentes contextos educativos así como para ser a imaxe da web de intercambio interuniversitario en temas relativos ao Hábitat. O deseño poderá facer referencia ao proxecto, sempre mantendo 'DHABITAT' como título.

A.2.Datos a incluír:

- Deseño do logotipo

A.3- Os traballos teñen de ser orixinais e inéditos, sen ser presentados a outros concursos, e os seus autores serán responsables ante a Organización e fronte a terceiros, do cumprimento do establecido nestas bases.

B.- Características técnicas:

B.1. -As obras a concurso serán presentadas exclusivamente en soportes dixitais, non se admitirán obras presentadas en sistemas non dixitais.

B.2. -Os autores deberán achegar o correspondente soporte dixital con todos os ficheiros necesarios.

B.3.- O formato será de psd, jpg, ou pgn.

4ª.- Forma de presentación.

Os traballos han de presentarse por correo electrónico enviándoos á seguinte dirección: gteducacion.gal@asfes.org e galicia@asfes.org

No asunto deberá figurar "**Concurso de deseño logo DHABITAT**", seguido do nome do participante.

Deberán remitir os seguintes datos:

-Nome e apelidos.

-D.N.I.

-Datos de contacto (Correo electrónico, móbil e dirección postal).

5ª.- Calendario de presentación.

- Ata o 5 de Novembro de 2013.

- 5 a 13 de Novembro, selección pública de finalistas.

- 14 de Novembro, anuncio gañador.

6ª.- Xurado.

As propostas serán expostas a votación popular, nun álbum creado a tal efecto no Facebook de ASF. De entre as propostas que máis "me gusta obtivesen o 13 de Novembro de 2013, un xurado composto pola organización da ASF-Galicia e ETSAC decidirán por votación a proposta gañadora, o segundo e terceiro premio, anunciando o gañador na presentación do proxecto oficial na ETSAC que ten previsto realizarse o 14 de Novembro coa conferencia inaugural desta.

A Organización comunicará telefonicamente e por correo electrónico o afortunado. Así mesmo anunciarase o fallo do xurado a través da súa páxina web e medios de comunicación dixitais.

A Organización resérvase o dereito a declarar deserto o concurso se os deseños presentados non reunisen a criterio do Xurado os méritos suficientes.

7ª.- Premios.

O premio para o gañador será participar nas distintas actividades do proxecto (curso on-line, taller práctico).

Ademais como comparece autora aparecerá a referencia á autoría en todos os documentos derivados do proxecto que fagan mención ou inclúan a proposta de logo gañadora.

8ª.- Obriga dos participantes.

A presentación ao concurso implica a autorización do autor á divulgación do seu traballo por calquera medio de comunicación ata a elección do gañador.

Mediante a concesión deste premio, a organización adquire en exclusiva todos os dereitos

de propiedade inherentes ás obras finalistas, e poderán libremente proceder á reprodución, distribución, comunicación pública e transformación, tendo dereito a expresar a obra por calquera medio comprendendo todas as modalidades de explotación, incluíndose os dereitos de reprodución en calquera formato.

Queda incluída a emisión e transmisión on-line das obras e a súa posta a disposición nas redes dixitais interactivas.

10ª.- Outras disposicións.

Calquera feito non previsto nestas bases, ou dúbida sobre interpretación destas, será resolto a criterio dos organizadores.

A participación na presente convocatoria implica aceptar todas e cada unha das disposicións contidas nas presentes bases e a conformidade coas decisións do Xurado que serán inapelables.

11ª.- Atención a participantes.

Para calquera dúbida ou aclaración pódense dirixir á seguinte dirección electrónica:
[*galicia@asfes.org*](mailto:galicia@asfes.org)

12ª.- Protección de datos.

O cumprimento do disposto na Lei Orgánica 15/199 de Protección de Datos, os datos persoais proporcionados polos participantes serán incorporados nun ficheiro da Organización e cuxa única finalidade é a de xestionar a presente convocatoria.

Os seus datos serán tratados coa máxima confidencialidade. O participante poderá exercer, en calquera momento, o seu dereito de acceso, rectificación, cancelación e oposición sobre os seus datos nos termos legalmente fixados.



A Organización.

En A Coruña, a 23 de Outubro de 2013

Datos de contacto

ASF-Galicia | E.T.S. Arquitectura, A Zapateira s/n, 15071 A Coruña | Teléfono 981 167 000 – ext. 5033 Fax 981 167 055 | E-mail galicia@asfes.org | Rexistro nacional nº 14.317 C.I.F G-60.192.614

ANEXO I

CONTEXTO del LOGO

*Dende a Demarcación de Galicia ASF, xunto coa Universidade da Coruña, co apoio da Subdirección Xeral de Cooperación da Xunta de Galicia executará en 2013-14 o **“Proxecto de difusión do dereito ao hábitat a través da sensibilización e a educación formal na comunidade educativa 2013-2014”**.*

Este proxecto cobre varias dimensións da Educación para o Desenvolvemento (Sensibilización, Formación, Investigación - Intercambio de experiencias) e incide no colectivo profesional e académico da arquitectura, o urbanismo e a cooperación, así como na sociedade en xeral.

Isto é posible implementando mecanismos e accións de formación, seguimento e difusión do proceso actual da lexislación e consolidación de conceptos relacionados co Hábitat, entre o público meta e apoiando e/ou articulando accións de presión deste cara aos actores políticos. A acción desenvolve ferramentas conceptuais en colaboración co mundo académico da Arquitectura para a aplicación práctica destes conceptos básicos.

- Na compoñente de sensibilización, educación e formación destacan as actividades de difusión -día do Hábitat, mesas e charlas informativas-, un curso en liña, seminario e obradoiro en colaboración coa UDC para estudantes e docentes da Arquitectura, así coma tódolo público e profesoinais interesados. Tamén implementarase cunha formación sobre esta mesma temática para cursos de educación secundaria.*
- A compoñente de investigación prevé a identificación de experiencias de implementación de estratexias relacionadas con mellóra do Hábitat, e a creación dunha rede de intercambio coas Universidades de diversos contextos xeográficos e a elaboración de publicacións ou artigos relacionados.*

Ao finalizar o proxecto haberase potenciado a vinculación de docentes, profesionais da arquitectura e de membros dos colectivos docentes - universitario e educación básica- na consolidación do Dereito ao Hábitat, terase articulado unha rede de traballo tanto entre o colectivo profesional da arquitectura como do terceiro sector e haberanse potenciado as sinergias entre ambos colectivos e as redes internacionais traballando para a consolidación do dereito ao Hábitat.